

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
15 DE FEBREIRO DE 2006**

CONCORRENTES

Presidente:

Don Juan Antonio Maceiras Barros

Concelleiros

Don Jesús Veiga Sabín

Dona Eva María Vilariño González

Don José Manuel Rodríguez Vidal

Don Juan José Herva Mallo

Dona María Rosario Manso López

Don Luis Purriños Pena

Don José Paz Tenreiro

Don Manuel José Pérez Martínez

Don Antonio Medín Pena

Don José María Laya Carril

Don Miguel Anxo Abraira Sobrado

Don Antonio Cortizas Rodríguez

Secretario

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas do día quince de febreiro de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública ordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten a totalidade dos concelleiros que de feito e dereito compoñen a Corporación: don Jesús Veiga Sabín; dona Eva María Vilariño González; dona María Rosario Manso López; don Juan José Herva Mallo; Don José María Laya Carril; don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don Antonio Medín Pena; don Miguel Anxo Abraira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo ningunha observación á acta da sesión anterior, correspondente ao día 24 de xaneiro de 2006, queda aprobada por unanimidade.

2.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.- Dáse conta das resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última sesión ordinaria, números 980/05 a 132/06 ambas as dúas incluídas, que estiveron a disposición dos concelleiros e do que quedan informados.

3.- REGULAMENTO DE FICHEIROS DE CARÁCTER PERSOAL.- Dáse conta do proxecto de regulamento elaborado para regular a creación, modificación e supresión do ficheiro de carácter persoal da aplicación informática neste Concello do sistema de información de usuarios de servizos sociais (SIUSS) no que se recollen datos de carácter persoal dos usuarios de servizos sociais e das intervencións levadas a cabo en cada expediente.

En virtude do que dispón a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, o Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar inicialmente o regulamento proposto.

2º.- Proceder á súa regulamentaria tramitación, conforme ao que dispón o art. 49 da Lei 7/85, de bases do réxime local.

3º.- Que se proceda á súa publicación no B.O. da Provincia polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións e no caso de que non se presentasen, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, e procederase á súa remisión á Agencia Española de Protección de Datos.

4.- CONTROL AO EQUIPO DE GOBERNO. MOCIÓNS.- Pide a palabra o concelleiro do BNG, Sr. Abraira Sobrado, e dá lectura á seguinte moción:

“A situación actual das mulleres galegas no ámbito laboral pon de manifesto a persistencia de discriminacións directas e indirectas. Son múltiples e complexos os

elementos que perpetúan tal discriminación e que se manifestan na baixa taxa de actividade, nas elevadas cifras do paro feminino, na segregación laboral ou na diferenza salarial, provocando que en conxunto as mulleres asalariadas cobren até un 30% menos que os homes.

A presenza de discriminación e prexuízos que condicionan a incorporación das mulleres ao emprego remunerado queda constatada en diferentes estudos, onde se pon de manifesto como elementos imprescindibles para o mantemento da sociedade, lonxe de seren valorados e protexidos, son en moitas ocasións un atranco para o desenvolvemento da faceta laboral. Podemos tomar como referencia o Terceiro Informe Randstad, sobre políticas de conciliación na Unión Europea. No mesmo, cífrase nun 20% ás mulleres que abandonan o seu traballo por mor da maternidade, resaltando que se fixeramos a análise dos homes que renuncian ao seu emprego a causa da súa paternidade, non tería relevancia estatística. Desminte, ademais, que exista unha vinculación directa entre incorporación das mulleres ao mundo laboral e descenso da natalidade, tal e como demostra a evolución noutros Estados do entorno europeo que contan con políticas máis avanzadas no ámbito da corresponsabilidade.

O Instituto Galego de Estatística (IGE) fornécenos datos en relación ao emprego do tempo que son reveladores a respecto da necesidade de facer da corresponsabilidade e a promoción da incorporación laboral das mulleres eixos centrais da actuación das institucións públicas galegas a todos os niveis. Algúns destes datos son os seguintes:

- A porcentaxe de homes empregados é do 40,1 %, mentres as mulleres empregadas sitúanse nun 26,8%. A media de tempo que dedican ao traballo remunerado é inferior –á media masculina- nunha hora e vinte e dous minutos.
- O 72,1% das mulleres realizan actividades de mantemento do fogar, fronte a un 26,6 % dos varóns. Estes dedican 51 minutos ás mesmas, fronte ás dúas horas que diariamente ocupan ás mulleres. Ao fogar e familia as mulleres dedican 4 horas e 52 minutos, os varóns 2 horas e 30 minutos.
- Hai un 12,2 % de persoas que diariamente coidan de nenos e nenas. Os galegos que declaran dedicarse diariamente a estas atencións representan o 8,5 %, fronte a un 15,5% de galegas.

O BNG pensa que a incorporación igualitaria das mulleres no traballo remunerado é unha reto que ten que enfrontar o conxunto da sociedade galega. Debemos dar pasos firmes cara unha sociedade que sexa consciente dos beneficios da incorporación plena e igualitaria das mulleres no ámbito laboral, mais tamén dos beneficios de facer do ámbito privado un espazo común de homes e mulleres. É necesaria a asunción, por parte dos poderes públicos, de políticas que removan os cimentos nos que se asenta a actual división de roles, eliminando os condicionantes sociais e culturais que intentan situar as prioridades das mulleres nas tarefas reprodutivas e domésticas. Medidas que promovan unha sociedade máis xusta e equilibrada, onde sexa efectiva a igualdade de trato, de dereitos e de oportunidades.

Somos conscientes que o nivel de autogoberno que ten hoxe a nación galega é insuficiente para podermos abordar de maneira global unha política verdadeiramente eficaz no ámbito da corresponsabilidade e da incorporación igualitaria das mulleres ao ámbito laboral. Aspectos relevantes como a regulación dos permisos de maternidade, paternidade, permisos de aleitamento, excedencias, lexislación laboral, etc., continúan sendo materia reservada ao Estado. Mais que foron exercidos sen teren presente as particularidades da situación do mercado de traballo en Galiza. Labregas, mariscadoras, redeiras e outros traballos cunha presenza importante de galegas, teñen unha regulamentación que non responde á nosa realidade nacional e que ten provocado situacións increíbles como que unha labrega non poida acceder á titularidade dunha explotación porque o seu marido é titular doutra, ou que teñan dificultades para o acceso a medidas de corresponsabilidade. Máis un motivo de peso para que comprendamos a necesidade de dotar a Galiza dun novo Estatuto de Nación,

que nos confira os instrumentos necesarios para poder avanzar na Galiza cara unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Polo dito propónse a adopción do seguinte ACORDO:

- **Reclamar á Xunta de Galiza a elaboración dunha Lei galega para o Fomento do Acceso das Mulleres ao Emprego Remunerado que conte coa participación de todos os axentes sociais e institucionais implicados e que incorpore medidas para favorecer o acceso das mulleres ao mundo do traballo en igualdade de condicións, liñas de actuación para detectar e eliminar as discriminacións directas e indirectas, así como, para abordar a problemática do acoso.**
- **Promover desde o ámbito municipal campañas de sensibilización social que incidan na necesidade dun reparto equilibrado de funcións e tarefas no ámbito doméstico e na dignificación social do traballo realizado no ámbito familiar.**
- **Primar nas contratacións que realice o Concello a aquelas empresas que teñen unha presenza equilibrada entre os dous xéneros.**
 - **Promover desde o Concello, en colaboración coas institucións educativas e coas ANPAS, a realización de actividades extraescolares nos centros educativos.”**

Sometida a votación a urxencia da moción ao non figurar na orde do día da sesión, dá o seguinte resultado: vota a favor o concelleiro do BNG, Sr. Abraira Sobrado, abstéñense os concelleiros Sres. Laya Carril e Cortizas Rodríguez, e votan en contra os dez membros restantes da Corporación que asisten á sesión, polo que queda desestimada e non se entra a debater esta.

- O Sr. Abraira, concelleiro do BNG, dá lectura á seguinte moción: “1º.- A Xunta de Galiza vai crear unha rede pública de garderías. Estar adscrito a esta rede pública de garderías vai significar poder optar a axudas e subvencións desta administración e non estar nesta rede vai significar non poder contar con programas de axuda.

2º.- A escola infantil de Miño precisa dun novo regulamento que nesta corporación se comprometeu o Sr. Veiga Sabin a presentar para adecuar o seu articulado á problemática real dos usuarios e usuarias.

3º.- O incremento poboacional unido a necesidade que ten Miño de crear a súa propia comarca de influencia permite estimar como positivo o feito de que a escola infantil de Miño poida superar o carácter municipal e pasar a ser unha escola infantil de carácter comarcal.

Por todo o antedito PROPONSE:

1º.- Tomar o acordo de incluír a escola infantil de Miño na futura rede de garderías da Xunta de Galiza.

2º.- Instar ao Sr. Veiga Sabin para que apresente nun prazo máximo de 1 mes un novo regulamento interno da escola infantil adecuando este a realidade e ao acordo antes tomado.

3º.- Dirixirse aos concellos limítrofes, nomeadamente Vilarmaior e Paderne, para iniciar negociacións cos mesmos de cara a converter a escola infantil de Miño nunha escola infantil comarcal facendo as melloras e ampliacións necesarias para atender a demanda que poida vir destes concellos.”

A Presidencia somete a votación a urxencia da moción co seguinte resultado: Vota a favor da urxencia o concelleiro do BNG, Sr. Abraira Sobrado; abstéñense os concelleiros Sres. Laya Carril e Cortizas Rodríguez e votan en contra os dez membros restantes, polo que queda desestimada a urxencia.

- O mesmo concelleiro Sr. Abraira Sobrado do BNG dá lectura á seguinte moción: “Parece lóxico pensar que os representantes públicos debemos dar exemplo

de honestidade e de traballo para cos veciños e veciñas sen que a nosa representación signifique enriquecemento persoal.

Como o Sr. Alcalde sabe na súa función de médico de cabeceira no centro de saúde de Miño percibe un dos salarios máis altos do SERGAS para a función que desenvolve pois ten o nivel 30 por ter estado en postos de alta responsabilidade durante un período de tempo suficiente (Director Xeral).

Ademais o Sr. Alcalde cobra 450,76 euros por cada asistencia a Pleno ou comisión. Dito cobro é compatible co salario de médico polo que cada vez que se ausenta da consulta o SERGAS está obrigado a mandar un substituto para o seu posto a pagar íntegro o seu salario aos dous e ademais o concello está obrigado a pagar a asistencia estipulada.

Tendo en conta que no 2005 o Sr. Alcalde cobrou o seu salario íntegro de médico e case 42.000 euros en concepto de asistencias a plenos e comisións e unha cantidade nada desprezable en concepto de dietas e desprazamentos o Grupo Municipal do BNG de MIÑO PROPÓN que se estipule que o cobro máximo do Sr. Alcalde en concepto de asistencias a plenos e comisións sexa 18.000 euros dado que mantén íntegro o seu salario como médico de cabeceira no centro de saúde de Miño“.

A Presidencia somete a votación a urxencia e por unanimidade acórdase esta, e éntrase a debatela. O Sr. Abraira Sobrado ratifícase no exposto anteriormente, recoñecendo que compatibilizar as dúas retribucións sexa legal.

O Sr. alcalde expón que recibe o mesmo salario que cando subscribiu un acordo co BNG e estima que os representantes do pobo elixidos en votacións electorais non deben ser menos que os representantes sindicais, continúa, que apareceu na prensa que houbo un enriquecemento persoal deste alcalde e do concelleiro Sr. Herva; se vostede sabe e coñece que hai algunha persoa que así o manifeste, debe dicírnolo para adoptar as medidas que creamos convenientes en defensa da nosa honorabilidade. Replica o concelleiro do BNG Sr. Abraira que ese é o punto da seguinte moción, non desta, que cada ano cobra máis por asistencias, e se aínda estivera pola tarde no Concello tería algunha xustificación, isto paréceme, di, unha cuestión moral e por parte do SERGAS estase interpretando de maneira moi xenerosa, estaría disposto, continúa, a que se lle fixe un soldo, e que cumprise cun horario de asistencia ao Concello.

A presidencia replica que está formulando demagoxicamente este tema, os acordos adóptaos o Pleno e son para cumprilos, continúa, os luns dedícoos a xestionar asuntos para o Concello e os xoves temos Xunta de Goberno e son estes días os que non acudo ao centro de saúde.

Sométese a votación o asunto e fano a favor os concelleiros Sres. Abraira Sobrado do BNG e Cortizas Rodríguez do PSG-PSOE, que suman dous votos; abstense o concelleiro Sr. Laya Carril e votan en contra os dez membros restantes que asisten á sesión, polo que por maioría queda denegada.

- O mesmo concelleiro Sr. Abraira Sobrado do BNG dá lectura ao seguinte:”A vila de Miño conta cuns 1.500 habitantes aproximadamente. Conta con todos os servizos necesarios para converterse nunha vila residencial estudiantil principalmente porque ten un 30% dos seus pisos baleiros durante o período escolar debido a que estes son destinados na súa maioría a sector turístico de verán que vai desde o 1 de xullo ao 31 de agosto. Estes pisos non son empregados como apartamentos turísticos na semana santa nen nas restantes pontes. Outra peculiaridade positiva para converter a Miño nunha vila residencial estudiantil é a súa proximidade ao campus da Coruña uns 20 minutos en autobús. Nestes momentos o principal problema é a pouca dotación de libros de consulta da biblioteca pública que ate certo punto se pode ver contrarrestado pola existencia de varios ciberes cun funcionamento interrompido desde as primeiras horas da mañá até ben entrada a noite de luns a domingo.

Desde o BNG-Miño sondeouse dita proposta e parece contar con mui boa aceptación dado que o período de aluguer aos estudantes é compatible con aluguer a turistas nos

meses de xullo e agosto estando os propietarios dispostos a colaborar. Tamén parece posible conseguir que supermercados, tendas de roupa, cantinas de comidas, etc. colaboren creando un menu especial para estudantes.

ORZAMENTO ESTIMADO DO PROXECTO

*Autobús de ida e volta de luns a venres no meses de outubro a xuño inclusive con 2 percorridos de ida e 2 de volta.....	30.000
* Publicidade do plano	9.000
* Outros gastos non previstos	3.000
TOTAL	42.000
IVE	6.720

TOTAL CON IVE: 48720 EUROS

Por todo o antedito PROPONSE:

Que a alcaldía faga os trámites necesarios coas consellerías correspondentes e a Universidade da Coruña para no curso 200-07 poñer en marcha na vila de Miño un plan piloto para converter esta localidade nunha vila residencial estudantil.”

O Sr. alcalde manifesta que debeu traerse este tema a Comisión aínda que vostede xa o publicou na prensa e somete a votación a urxencia co seguinte resultado: votan a favor os concelleiros Sres. Abraira Sobrado e Cortizas Rodríguez, que suman dous votos, abstense o concelleiro Sr. Laya Carril e votan en contra os dez membros restantes que asisten á sesión, polo que por maioría queda desestimada.

- O concelleiro Sr. Abraira Sobrado do BNG dá lectura ao seguinte escrito: “Miguel Anxo Abraira Sobrado como concelleiro portavoz do BNG-Miño presenta proposta para crear unha comisión investigación para esclarecer se os rumores e datos existentes que indican que o Sr. alcalde Juan Maceiras Barros e o concelleiro Juan Herva se enriqueceron por mor de operacións escuras nos procesos de adxudicación e urbanización da fraga de Perbes e do monte de Piñeiro.

Exposición de motivos:

Todos e todas as concelleiras desta corporación somos coñecedores da existencia de rumores e mesmo documentos que apuntan sobre un posible enriquecemento irregular do Sr. Alcalde D. Juan Maceiras Barros e de D. Juan Herva. Por citar algúns dos rumores podemos citar a hipotética pertencencia de 10.000 m2 de terreo no Monte de Piñeiro por parte de Juan Herva, a adquisición de propiedades na cidade de Madrid ou a propiedade de participacións nunha inmobiliaria que opera en Miño. Tampouco debemos deixar de citar a suposta adquisición por parte de Juan Maceiras dun piso de máis de 100.000.000 pts na cidade da Coruña con fondos procedentes dun suposto amaño para favorecer unha importante empresa inmobiliaria.

Estes rumores de ser certos son moi graves e mesmo constitutivos de delito e de non selo son profundamente perxudiciais para a honorabilidade desta corporación e moito máis para a boa imaxe dos afectados.

Por todo ilo,

PROPONSE

A creación dunha comisión de investigación pública financiada das arcas municipais que se encargara de demostrar a inocencia ou culpabilidade de D. Juan Maceiras Barros e D. Juan Herva Mallo nos feitos antes citados. Dita comisión estará formada por un membro de cada grupo político e o segredario municipal que levantará acta das súas xuntanzas que serán públicas. Os seus membros poderán chamar a declarar a persoas implicadas e recabar toda canta información consideren pertinente. Dita comisión terá a súa primeira xuntanza ordinaria o primeiro día hábil do mes seguinte as 20.00 horas no salón de plenos.”

A Presidencia somete a votación a urxencia da moción e coa abstención do concelleiro Sr. Laya e os doce membros restantes asistentes a favor, apróbase esta e iníciase o seu debate.

O Sr. alcalde sinala se se trae un rumor que se inventa ou coñece a algunha persoa que o manifestara, e neste caso debe dicilo.

Pide a palabra o concelleiro Sr. Herva Mallo por alusións e manifesta: “Debido ás informacións que apareceron estes días na prensa e á moción presentada polo Sr. Abreira nas que se fai referencia a un suposto enriquecemento do Sr. alcalde e dun servidor, desexo manifestar o seguinte:

“O meu patrimonio redúcese a unha casa, situada na parroquia de Vilanova, que financiei coa venda dunha casa no Apeadeiro de Perbes, 12, herdanza da miña muller e cun crédito en Caixa Galicia, solicitado na sucursal de Campolongo (Pontedeume). Estou de acordo coa formación dunha comisión que investigue o meu patrimonio, e se esa comisión ou calquera outra persoa ou organismo detecta algún outro ben patrimonial que non sexa a mencionada casa en Vilanova, estou disposto a doarlla ao Sr. Abreira, autor desta denuncia.

Fai vostede referencia, Sr. Abreira, a uns supostos pelotazos no campo de golf e na urbanización de Piñeiro. Con relación ao campo de golf debo dicirle que a día de hoxe esta obra é recoñecida como o motor principal do desenvolvemento económico presente e futuro non só en Miño senón tamén de toda a comarca, e eu síntome enormemente orgulloso de ser o principal impulsor e a *alma mater* deste proxecto: con relación a este, eu clasifico as persoas en dous grupos: os que estiveron a favor e os que estiveron en contra, é dicir, que o campo de golf fíxose “grazas a” e “a pesar de”, e vostede, Sr. Abreira, está no grupo de “a pesar de”.

En canto ao Piñeiro é curioso que primeiro se me acuse de pretender que se lles pague pouco aos propietarios dos terreos e que logo se afirme que son propietario de 10.000 m². Pero o que roza xa a esquizofrenia é a acusación de “pelotazo” cando o desenvolvemento de Piñeiro está aínda por decidir e un servidor nin figura na Comisión que ha de decidir a dita adxudicación. Quen si figura é vostede, Sr. Abreira, vostede si ten voz e voto nesta decisión, pero eu non teño arte nin parte nesta.

Mire, Sr. Abreira, eu non vou cualificalo como político, posto que xa o viu facendo o pobo de Miño nas sucesivas citas electorais, nas que vostede suspendeu sistematicamente cunha cualificación moi baixa, de “moi deficiente”. Supoño que para o próximo curso político xa non o van matricular, “pois sería tirar cos cartos”. En canto á súa cualificación como persoa, prefiro non facer aquí unha valoración pois saíría vostede moi mal parado.

Vostede, Sr. Abreira, é como o anuncio dos deterxentes, que primeiro manchan para logo pretender limpar esa mancha cun suposto produto milagroso que a elimina.

Nós imos seguir traballando polo ben de Miño, como o vimos facendo, para que os nosos veciños se sintan orgullosos do seu municipio, que hoxe día é un referente para a comarca. A min caeríame a cara de vergoña de practicar unha política como a que vostede está a facer, pero en vostede iso é imposible porque da primeira ten moita, pero da segunda carece de absoluto.”

Replica o Sr. Abreira, Vde. está no grupo de goberno por un *cambalache* e non nos queiran facer parecer parvos aos grupos da oposición, o Sr. Maceiras ten experiencia en saír na prensa, falando por teléfono dicindo isto está arranxado refiríndose a un exame da Xunta, no xornal do 17-7-94. O Sr. alcalde contesta que non se refería a min e o Sr. Abreira continúa, habería que aclarar moitas cousas; o Xurado de Expropiación nomea unha e outra vez os expedientes e algúns propietarios están esperando que lles aboen o prezo dos seus predios ou lles devolvan os depósitos e todo isto está causando graves prexuízos, que afectan á honorabilidade da Corporación e desexamos que haxa unha comisión de investigación e se non hai nada, así o diremos.

O Sr. Herva replica que lle responde dende a lexitimidade do grupo de goberno e será máis lícito un goberno de dez concelleiros que dun, hai unha carta do Sr. alcalde pedindo ao xurado que axilice os trámites, pero hai propiedades controvertidas, que mesmo a reclaman dúas persoas distintas, e a mora do xurado non é imputable a este Concello, sospeitando que está a pasar a pelota, á espera de que se constituía o novo xurado.

O Sr. alcalde-presidente dá lectura ao seguinte: “Sr. Abraira, vostede fixo unhas manifestacións que de maneira premeditada e consciente buscaron xerar na poboación de Miño unhas dúbidas no que respecta á honorabilidade de dúas persoas deste Concello, o Sr. Herva e eu mesmo.

Estou bastante acostumado a soportar a súa linguaxe cretina e barriobaixeira coa que nos obsequia a todos os que compoñemos esta corporación, vostede cre que dita linguaxe forma parte dunha posta en escena coa que inxenuamente pensa confortar aos que lle rin e aplauden as súas infames actuacións públicas. Cre vostede que iso forma parte do traxe co que se visten dun pseudo progresismo casposo e repugnante os que como vostede non respectan os máis elementais valores do ser humano como son a educación e o respecto aos demais.

A pesar de que con ese comportamento groseiro, do que continuamente fai gala nesta casa, tenta infundir respecto cara á súa persoa, o que realmente infunde é sinxelamente noxo.

Sempre pensei que vostede era un personaxe grotesco, que aínda non sendo demasiado intelixente, tiña un mínimo de sentido da responsabilidade que tiña adquirida co nomeamento de concelleiro deste municipio, a verdade é que me trabuquei. Vde. non ten os máis elementais valores do ser humano, cre que todo vale co fin de buscar un voto que engadir ao seus depauperados resultados electorais e, nesta crenza, tenta dicir nada máis e nada menos que está en dúbida un suposto enriquecemento persoal deste alcalde e doutro compañeiro da corporación. Vostede pretende sementar dúbidas e eu dígolle que o que vai recoller son certezas. Vai recoller a certeza de que lle farei pagar cara esta ofensa á miña persoa, pagarao en varias vertentes. En primeiro lugar, custaralle o ter que constatar que este alcalde apenas ten patrimonio, nin lícito nin por suposto ilícito. Non teño un grande patrimonio porque nunca nin a miña pobre muller nin eu consideramos isto como importante. Investimos sempre fundamentalmente na educación dos meus dous fillos, cuestión para nós moi importante.

Co investido nesta educación conseguimos algo que vostede nin de lonxe soñaría. Os meus fillos son persoas que gañarán a vida honestamente sen ter que recorrer a actitudes vitais tan deplorables como a súa. Os meus fillos nunca farán o que vostede fixo e iso débenllo ao que lles ensinamos a miña muller e eu.

De todas maneiras, para a súa información direille que tras 30 anos de traballo como médico e de éxito profesional constatable, o meu patrimonio redúcese a un apartamento en Miño na rúa Raxel, 118-3 D, un piso na Coruña, na rúa Federico Tapia, 53 5º esq, do cal estou pagando unha hipoteca e unha parcela no campo de golf de Perbes, que aínda estou pagando e que a hipotecarei cando se me entregue. Teño unicamente dúas contas correntes unha en Caixa Nova e outra no Banco Santander, contas que co simple número de carné de identidade, o cal é 32610972-P, calquera pode comprobalas. Non teño nin accións, nin terras, nin leiras, nin predios nin nada similar. Este patrimonio conseguino co meu traballo de médico. Non recorrín a subvencións como outros para financiar a casa onde vivo e créame, son feliz, porque aínda que con poucos cartos, posúo algo que vostede non ten e non é outra cousa que principios morais.

Outra cousa que lle custará a súa actuación son votos, porque a diferenza do que vostede supón, a maioría da xente de Miño é xente honesta que non lles gusta o que vostede fixo e que, polo tanto, esixiralle ter que probar o que deixou avesamente entrever nas súas declaracións e, por último, custarlle diñeiro, porque din orde de interpoñerlle unha demanda de protección á honra na que penso esixirlle unha reparación económica e moral que mitigue o enorme dano que nos infrinxiu a dous membros desta corporación. Custaralle algo máis, algo que sen dúbida a vostede non lle importará perder porque non lle concede ningún valor ao concepto de compañeirismo, refírome á miña simple amizade.

Desde este momento comunícolle que a partir de hoxe, agás nas ocasións nas que o exercicio do meu cargo me obrigue a ter que soportar a súa fedorenta linguaxe,

refírase isto ás comisión ou aos plenos, agás nestas ocasións, infórmolle que vostede non ten dereito a falarme nin eu o deber de escoitalo.

En sucesivas e próximas intervencións, lembrareille ben nos plenos ben mediante boletíns dirixidos ao veciños; e créame que serei reiterativo, o que vostede leva feito polo municipio nesta lexislatura, desde o primeiro día da súa toma de posesión como concelleiro no que facendo gala dun refinamento tipicamente seu, apartou o crucifixo dunha pancada, co que deixou clara a súa especial tolerancia e respecto cara ás crenzas dos demais.

Lembrareille as veces que vostede dixo en plenos que non axudará a conseguir cousas para este municipio, porque o que realmente lle importa son as súas consignas de partido. Lembrareille que vostede dixo neste salón de sesión que se oporá ao vial de Bañobre, pese a consideralo importante para este municipio, lembrareille o que vostede fixo no Piñeiro, abandonando a comisión, obrigado probablemente porque nun día de infausto recordo para vde, votou na dita comisión a favor do seu desenvolvemento. Lembrareille que os seus, os que gobernan na Xunta, non recibiron a este alcalde, pese a ter a representación de todo o pobo e que o recibiran a Vde. Lembrareille así a infamia coa que os seus queren actuar cos veciños deste municipio, negándose a recoñecer obras asinadas e comprometidas co anterior goberno moitos meses antes das eleccións, obras como son o saneamento de todo o municipio, o porto deportivo, a variante de Bañobre, o axardinamento da ladeira da praia Pequena e a primeira fase da rexeneración do Lambre. Vostede aparece na prensa arrogándose a representación dos miñenses, permitíndose deseñar políticas de desenvolvemento de Miño. Vostede así o que realmente fai é insultar a todos os veciños deste municipio e con vostede os que participan da súa burbulla de falsidades.

Pero de todo isto, teremos tempo para falar.

Por último, faltaría máis, claro que vou aceptar a designación dunha comisión que investigue os patrimonios do sr. Herva e do meu. Fareino propondo que sexa unha comisión integrada por funcionarios do Concello, na que a súa presidenta sexa a interventora, co asesor xurídico e un funcionario designado libremente pola interventora. Vostede non ten catadura moral para intervir en ningunha comisión de investigación. Vostede é sinxelamente un necio.”

A Presidencia somete a votación a proposta do Sr. Abreira e fano a favor o Sr. Abreira do BNG, abstéñense os concelleiros Sres. Laya Carril e Cortizas Rodríguez, e votan en contra os dez membros restantes da Corporación que asisten á sesión, polo que por maioría queda denegada.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.- O concelleiro do BNG Sr. Abreira roga e solicita que se lle entregue copia ou no seu defecto se lle deixen ver as facturas íntegras de telefonía móbil dos anos 2004, 2005 e 2006 para investigar se se está facendo un uso correcto da telefonía móbil. A solicitude faise en base á Lei de bases de réxime local. A Presidencia contesta que se lle contestará por escrito.

- O concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas pregunta sobre a remodelación da rúa principal de Miño, ¿pode indicarnos as datas aproximadas de execución dos traballos? Contesta a Presidencia que mantivo unha reunión cos veciños na que se lles explicou en que consistiría esta remodelación, e sacaremos un concurso de proxectos e execución de obras que se traería a discutir á comisión correspondente.

- O Sr. Abreira pregunta “o 22-4-2005 adoptou un acordo de recoñecer máis m2 e propiedades a efectos de expropiación na urbanización de Fadesa, ¿como está este asunto? A Presidencia sinala que se lle contestará por escrito.

- O Sr. Abreira sinala, alá Vde. coa súa linguaxe, di que me vai custar moito e pregunta ¿vanme queimar coches ou outros actos desta índole como lle fixeron a

concelleiros do BNG que denunciaron “pelotazos” urbanísticos? A Presidencia manifesta que a pallasadas non contesta.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás vinte horas e corenta e cinco minutos, redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente,

O secretario,